



PROBA DE ACCESO A 2ºGRADO PROFESIONAL

Instruccións para o acceso ao CEMU Centro de
Música Moderna de Ponteareas

Contido

Acceso ó 2º curso do Grao Profesional.....	3
1. Normativa xeral para todas as especialidades.....	3
Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 3º de outubro de 2007	3
(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)	3
2. Instruccións das probas de 2º de profesional	4
2.1 Materias teórico-prácticas.....	4
2.2 Normas de actuación para as probas	5
2.3 Repertorio orientativo para as especialidades Instrumentais/Canto.....	7

Acceso ó 2º curso do Grao Profesional

1. Normativa xeral para todas as especialidades

Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 3º de outubro de 2007

Artigo 11º.-Acceso ó primeiro curso de Grao Profesional.

(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)

Artigo 12º.- Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte. Polo menos unha das obras deberá ser interpretada de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para considerarse superado. Os/as aspirantes deberán presentar as partituras que van interpretar antes de realizar a proba, para que se poida verificarse o nivel é axeitado para o curso ao que se presentan. En función da especialidade, o tribunal poderá solicitar algún requisito adicional ou incluir elementos específicos que se consideren relevantes para a valoración.
2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e sendo necesaria unha puntuación mínima de cinco puntos para superalo. A puntuación definitiva da proba será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estos efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento. A superación da proba de acceso habilita exclusivamente para matricularse no curso académico ao que se presenta.

(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)

Capítulo III. PROBAS DE ACCESO

Artigo 9º.-

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Os aspirantes deberán traer consigo:

DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Rúa Gavilán, 2, ~~baixo~~
36860 - Ponteareas, Pontevedra
T. 618186137
<https://cdmgalicia.com/>
cemu@cdmgalicia.com

Xustificante da matrícula na proba.

Lapis, bolígrafo (azul ou negro) e goma de borrar.

ESPECIALIDADES	PROBAS A REALIZAR
Todas as especialidades	Instrumento e Linguaxe musical
Corda, Vento e Percusión	Orquesta/Banda e Conxunto
Piano e Guitarra eléctrica	Coro e Conxunto
Canto	Coro e Idiomas

2. Instrucións das probas de 2º de profesional

2.1 Materias teórico-prácticas

2.1.1 Conxunto

Para todas as especialidades agás Canto.

Lectura a primeira vista do fragmento proposto polo Tribunal e que corresponderá ao nivel inmediatamente anterior ao curso ao que se presenta o/a aspirante.

4

2.1.2 Coro

A proba de Coro estará integrada na proba de entoación de Linguaxe Musical.

2.1.3 Orquesta/Banda

Fragmentos de cancións ou temas musicais propostos polo Tribunal no momento da proba, que se corresponderán co nivel do repertorio traballado no curso inmediatamente anterior ao curso ao que se presenta o/a aspirante.

2.1.4 Idiomas aplicados ao Canto

Nesta proba o/a aspirante interpretará unha das obras do repertorio correspondente ao curso inmediatamente anterior, na lingua establecida para ese nivel.

2.1.5 Linguaxe Musical

Realizaranse os exercicios que determine o tribunal de entre os seguintes:

Ritmo e Lectura

Lectura medida dun ou varios fragmentos rítmicos cos contidos correspondentes na programación de Linguaxe Musical do 1º curso do grao profesional.

Entoación

Entoar unha melodía dada con ou sen acompañamento de piano coas dificultades axeitadas ao nivel.

Audición

Identificación auditiva e escrita de intervalos e acordes.

Coñecementos Teóricos

Realización dunha serie de exercicios sobre os contidos de teoría propios do 10 curso de grao profesional.

- Tonalidades
- Intervalos
- Escalas maiores e menores
- Termos relacionados co carácter, a dinámica e a agóxica
- Recoñecementos dos acordes da tonalidade
- Recoñecemento dos acordes triadas (maiores e menores)

Conxunto, Orquestra/Banda

Mantemento do pulso e do tempo establecido, sen atrasos nin adiantos significativos. Entrada puntual e coordinada coa dinámica do grupo.

5

2.2 Normas de actuación para as probas

2.2.1. Normas xerais

1. As probas escritas serán realizadas conciuentemente por todo o alumnado aspirante das diferentes especialidades instrumentais.
2. Os alumnos que se atopen na muda da voz poderán recorrer ao cambio de oitava ou de tonalidade se é preciso
3. Non se poderá acceder á aula de estudio con nada máis que o reloxo.

2.2.2. Criterios de avaliación

Ritmo e lectura

1. Coñecer os compases e a figura que constitúe a unidade de tempo de cada un dos compases de que conste o exercicio. Corrección na interpretación das equivalencias
2. Dominio da lectura de notas en claves de sol en 2^a e fa en 4^a.
3. Lectura fluída e sen paradas.

Rúa Gavilán, 2, baixo
36860 - Ponteareas, Pontevedra
T. 618186137
<https://cdmgalicia.com/>
cemu@cdmgalicia.com

4. Demostrar a comprensión dos elementos expresivos do exercicio.
5. Adecuación da velocidade de lectura ao tempo (con número ou con termo) indicado ao principio da partitura.
6. Marcación do compás de forma axeitada.
7. Pulso claro e regular.
8. Corrección na interpretación das equivalencias.
9. Executar con corrección as diversas fórmulas rítmicas propostas.

Entoación

1. Movemento melódico axeitado (ascendente-descendente, por saltos ou graos conxuntos, repetición de notas, cambio de modo).
2. Adecuación ó ritmo e ó compás da partitura.
3. Demostrar coñecementos de entoación interválica.
4. Demostrar uns mínimos coñecementos da emisión do son.
5. Mostrar control da correcta afinación.

Audición

1. A tonalidade se corresponde a do modelo.
2. Se respecta o modo.
3. O compás é axeitado.
4. O movemento melódico é similar ó modelo.
5. A melodía está reproducida exactamente.

6

Teoría e Análise

O alumnado debe demostrar o coñecemento de aspectos relacionados co análise e os contidos teóricos propios do lo curso do grao profesional, aspectos que deberán analizar e buscar nunha partitura sinxela que se lles facilitará.

Cualificación da proba teórico-práctica

"A cualificación total será de 0 a 10, incluíndo decimais. A ponderación para a cualificación final corresponderá á suma das seguintes porcentaxes: un 25% do total ao apartado de lectura e ritmo (máximo 2,5 puntos), outro 25% ao apartado de entoación (máximo 2,5 puntos), outro 25% aos aspectos auditivos (máximo 2,5 puntos) e finalmente 0 25% restante ó apartado teórico-analítico (máximo 2,5 puntos)".

2.3 Repertorio orientativo para as especialidades Instrumentais/Canto

2.3.1. Piano

Obras:

All of Me — John Legend

Respect — Aretha Franklin

Let It Go — de Frozen

Goodbye Yellow Brick Road — Elton John

I See Fire — Ed Sheeran

Livin' on a Prayer — Bon Jovi

Técnica:

Interpretación do exercicio nº 1 de The Virtuoso Pianist I, cunha velocidade progresiva comprendida entre 50 e 100 bpm.

2.3.2. Guitarra eléctrica

7

Obras:

Treasure — Bruno Mars

I Need You — Lynyrd Skynyrd

The Thrill Is Gone-B. B. King

Circus Experience — Joe Bennett

Dirt Wizard— James Uings

Funk01neter — Kit Morgan

Técnica:

- Exercicios escalfsticos sobre os centros tonais (X6nico, Maior Harm6nico, Menor Me16dico e Menor Harm6nico) adaptados ao nivel cunha velocidade progresiva entre 70 e 120 Bpm.
- Exercicios adaptados ao nivel sobre o Groove dos diferentes estilos: Jazz, Bossa Nova,Funk, Reggae, Rythm & Blues, Rock ...

2.3.3. Baixo eléctrico

Obras:

Uptown Funk- Mark Ronson Fear. Bruno Mars

Get Lucky- Daft Punk

The Bottle- Gil Scott-Heron

September- Earth, Wind and Fire

Mr Brightside- The Killers

The Whipping Post- The Allman Brothers Band

Técnica:

- Escalas maiores, menores, pentatónicas maiores e menores e escalas de blues.
- Arpexos maiores, menores e dominantes.

2.3.4. Baixo eléctrico

Obras:

All blues- Miles Davis

8

Cantaloupe Island- Herbie Hancock

Equinox- John Coltrane

Take Five- Dave Brubeck

Técnica:

- Escalas e arpexos maiores e menores (natural, harmónica e menor) en todos os tons (tres 8vas).
- Improvisación en escalas.

2.3.5. Saxofón

Obras:

A natural woman- Carole King

Put It Where you want it- Average White Band

Rehab Amy- Winehouse

Rúa Gavilán, 2, baixo

36860- Ponteareas, Pontevedra

T. 618186137

<https://cdmgalicia.com/>

cemu@cdmgalicia.com

Swingin- Bob Mintzer

Blues 2- Bob Mintzer

All of me- John Legend(version rockschool)

Técnica:

- Realización de escalas maiores ata 3 alteracións en todo o rexistro a semicorcheas a 65 a negra.
- Realización de arpexos triada maiores ,menores aumentado e diminuídos no rango de unha octava en tonalidades de ata 3 alteracións.

2.3.6. Batería e Percusión

Obras:

In my Place- Coldplay

Cold Pants – Luke Aldridge

Respect- Aretha Franklin

Hammerblow – Jason Bowld

Técnica:

Libro *Rockschool* grado 4 publicación 2012/2018 Grupo B, C e D.

2.3.7. Canto

9

Interpretación vocal de, como mínimo, tres obras, acompañadas cun "karaoke" ou "play along". O/a aspirante tamén poderá entregar previamente á escola unha partitura con melodía e acordes, para que o tribunal poida acompañar.

As obras deberán incluír:

- Unha canción de libre elección.
- Unha obra de música moderna (pop, rock, funk, bolero, latin, etc.).
- Un estándar de jazz, blues ou bossa nova.

O repertorio debe interpretarse de memoria.

Obras:

Stand by Me — Ben E. King The Dock ofthe Bay

— Otis Redding

Valerie — Amy Winehouse

Imagine — John Lennon

Bésame mucho — Consuelito Velázquez

Técnica:

- Vocalización dentro da escala maior, ascendendo por semitóns. Vocais e sílabas diversas.
- Arpexos tríadas maiores.
- Cantar de memoria as escalas maiores menores.
- Lectura a vista de leccións de 8 compases en tonalidade maior, sen alteracións. Improvisar sobre a mesma secuencia harmónica.

10